

ESTUDOS DE DOUTORAMENTO CURSO 2012-2013

Achégase enlace da web da USC, onde se pode consultar a información xeral de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento para o seu coñecemento e difusión no seu ámbito:

<http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/matricula/doutoramento.html>

Neste sentido, comunícanse algunhas novidades sobre estes procedemento no presente curso académico 2012-2013:

1º Admisións novos proxectos de tese curso 2012-2013

No curso académico 2012-2013, **non se admitirán novos proxectos de tese** asociados directamente aos departamentos ou institutos mediante acordo dos consellos respectivos.

Os departamentos e institutos, seguirán xestionando os expedientes de proxecto de tese dos alumnos admitidos neles directamente, en cursos anteriores ate a presentación da solicitude de defensa da tese.

Pero segundo o establecido na convocatoria de matrícula, só habera novas admisións de proxectos de tese vinculados aos programas de doutoramento regulados polo rd 1393 e dous novos do rd 99/2011 e serán autorizados ou desestimados polas Comisions Academicas correspondentes, e serán procesados polos responsables de unidade ou por quen deleguen estes, nos centros de adscricion deses programas de doutoramento, como nestes cursos pasados.

Prazos de solicitude e documentación

A admisión deberá solicitarse a través da secretaría virtual (prema no formulario de solicitude de admisión), declarando a titulación universitaria que posúe nos seguintes prazos:

1º Período: do 27 de agosto ao 26 de setembro de 2012

2º Período: do 4 ao 11 de febreiro de 2013

Os solicitantes, unha vez formalizada a súa solicitude na secretaría virtual, deberán entregar a documentación académica xustificativa na secretaría administrativa do centro ou ao coordinador do programa de doutoramento correspondente no que solicitan a admisión, dentro do prazo de solicitude de admisión.

Neste sentido pregase que se informe aos coordinadores dos diferentes programas de doutoramento adscritos aos vosos centros, que deben axustarse aos prazos establecidos na convocatoria, no relativo a autorizacións ou desestimacións das mesmas.

O procedemento, sería que se traslade o acordo das comisións académicas á aplicación informática Xescampus, no módulo de tese, no apartado de admisións, dos diferentes programas de doutoramento, antes das datas límite de publicacións de listas provisionais e listas admitidas, establecidas na convocatoria e que figuran no enlace enviado.

Unha vez procesadas na aplicación, cada programa de doutoramento, publicará no taboleiro a lista provisional e a lista definitiva para a información ao alumnado.

O proceso de publicación das listas provisionais e definitivas na web, para que os alumnos poidan consultar por internet o estado da súa solicitude, farase automaticamente dende a aplicación Xescampus, de conformidade con esta Sección, nas datas oficiais. Envíanse datas do primeiro período de admisión deste curso :

Admisión: procedemento e publicación de listaxes

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento correspondente, seleccionará aos alumnos e publicará as listaxes provisionais de admitidos.

1º Período

O día 4 de outubro de 2012 publicarase a relación provisional de admitidos e excluídos na secretaría virtual e taboleiros dos centros de adscrición do programa de doutoramento no que solicitaron a súa admisión.

Do 5 ao 16 de outubro de 2012 abrirase o prazo de reclamación nas secretarías administrativas dos centros de adscrición do programa de doutoramento no que solicitaron a súa admisión.

O 19 de outubro de 2012 publicarase a relación definitiva de admitidos na secretaría virtual e taboleiros dos centros de adscrición do programa de doutoramento no que solicitaron a súa admisión.

No caso de que queden prazas vacantes no prazo ordinario, excepcionalmente poderán autorizarse admisións de solicitudes presentadas fóra do prazo de solicitudes do primeiro período, ata cubrir as prazas ofertadas, con data límite do 30 de novembro de 2012. Estas solicitudes de admisión formalizaranse directamente polos interesados diante do órgano responsable da admisión que procederá a dar de alta a dita solicitude na aplicación informática e á súa autorización de se-lo caso, sempre dentro do prazo do 1º período de matrícula establecido no calendario de matrícula da USC.

Polo que é imprescindible que estean gravadas as resolucións de autorización das solicitudes de admisión en Xescampus antes do día 4 de outubro para a publicación das listas provisionais e antes do día 19 de outubro para a publicación das listas definitivas.

En todo caso, as solicitudes que se procesen fora deses prazos, non se actualizarían nas relacións que se publiquen na web, pero iso non impedirá que os alumnos admitidos poidan formalizar a súa matrícula nos prazos correspondentes. Simplemente non se inclúen datos procesados con posterioridade a publicación.

2º Defensa da Tese alumnos admitidos en anteriores ordenacions

No novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, publicado no DOG a finais de agosto de 2012, establece que os alumnos que estean a desenvolver a tese de doutoramento conforme a ordenacions anteriores (RD 185/1985, RD 778/1998 e RD 1393/2007), teñen para defendela ao amparo desas ordenacions ate febreiro de 2016.

3º Limitacións matrícula curso 2012-2013

Os alumnos que foran admitidos previamente e que non formalizaran matrícula en cursos anteriores, tamén deberán formalizar esta matrícula de tutela académica, a través da secretaría virtual, nos períodos establecidos na convocatoria oficial aos efectos de ter dereito a tutela académica no presente curso académico, así como para ter dereito ao depósito da tese e a realizar a solicitude de defensa da tese de doutoramento no presente curso académico

Non se formalizará ningunha matrícula de tutela académica fóra dos prazos establecidos na convocatoria oficial de matrícula do presente curso académico, agás os casos de imposibilidade técnica de realizala por secretaría virtual dentro dos prazos oficiais, debendo estar acreditado debidamente que houbo comunicación formal da incidencia ao centro de atención ao usuario neses períodos.

4º Presentación das solicitudes de defensa da tese de doutoramento :

Para a formalización do depósito da tese e da solicitude de defensa da mesma, o alumno deberá estar matriculado no curso académico correspondente. A estes efectos da solicitude de defensa da tese, a data de finalización do curso académico 2011-2012 nos estudos de doutoramento se considerará o 30 de setembro de 2012.

As solicitudes de defensa de tese presentarase polo doutorando no Departamento ou Instituto Universitario de adscrición que figure no seu expediente do proxecto de tese, xunto coa documentación requirida, e unha vez admitida a trámite polo órgano correspondente, enviarase ao Centro de Posgrao da USC ou Órgano competente, para a súa admisión a trámite na Comisión de Doutoramento da USC.

As solicitudes de defensa de tese presentadas no Departamento ou Instituto Universitario dentro do curso académico e sempre antes do seu remate, enviadas e recepciónadas no CPG, con anterioridade ao inicio do primeiro período de matrícula do curso 2012-2013, deberán asociarse na aplicación informática ao curso académico 2011-2012.

Unha vez rematado o curso académico 2011-2012, a partir do 1 de outubro de 2012, para poder presentar unha solicitude de defensa de tese, o doutorando deberá formalizar previamente a matrícula de tutela académica no presente curso académico 2012-2013 e posteriormente poderá presentar a súa solicitude de defensa da tese e tramitarse asociada na aplicación informática a este curso 2012-2013 e posteriormente serán enviadas ao Centro de Posgrao da USC.

5º Actas de Tutela Académica

Recordar que esta aberto o periodo para cumprimentar as actas de tutela academica dos alumnos de estudos de doutoramento, a través das secretarias virtuais do PDI, dende o 3 ao 30 de setembro de 2012, dos alumnos que formalizaron matrícula no curso 2011-2012, pregándose a difusión desta información aos directores de tese do Programa de Doutoramento. Estas Actas de tutela academica, serán entregadas e arquivadas nas secretarias administrativas correspondentes.